

Os catro encantados do Sil...

## Roteiro polo Canón do Sil Ribeira Sacra



Neste ocasión percorreremos a parte máis espectacular da ruta “Augas Mestas - Doade”, lugar de singulares lendas. Comezaremos o roteiro en Vilachá e, tras un descenso, pasaremos pola aldea de Barxa, dende onde teremos unha fermosa panorámica do meandro da Cubela no río Sil. Continuaremos camiño polas aldeas de Froxende e Vilar de Mouros. Posteriormente visitaremos o muíño de López, situado en Lampaza. Tamén pasaremos por O Colado e os Palleiros. Seguimos ruta ata toparnos coas fontes de Xermunde, chamadas fontes de ouro. Este nome alude á lenda dunha muller enfeitizada que agarda que alguén lle desfaga o feitizo, prometendo gratificalo cunha fortuna en ouro. Chegaremos ao miradoiro da Pena do Castelo, onde se atopan vestixios dun castro, así como a capela de San Amaro. Atravesando o souto de Valguaire remataremos a ruta en Doade. Para finalizar o día está prevista unha cata de viño na adega Algueira. Colabora a asociación “O Colado do Vento” de Sober.

20 km de dificultade media

**DOMINGO, 17 de MARZO de 2013**

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata Ata 17 anos.....	5 €

**O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.**  
Imprescindible anotarse chamando ao **679113718** ou ao **982240299**.

**Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s**



### PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO

28 Abril: O Cebreiro (Ancares)

26 Maio: Xove (Pena do Fraire-Tesouros Feranzos)

23 Xuño: Allariz (Santa Mariña de Augas Santas)

+info: [www.adega.info](http://www.adega.info) ou [roteirosadegalugo.blogaliza.org](http://roteirosadegalugo.blogaliza.org)